

Recibido 21/Abril/2022

Concello de Santiago de Compostela

Estimado Alcalde,

Como sabes, Augas de Galicia é a entidade competente para tramitar a autorización de todo tipo de actuacións que se pretenda levar a cabo nas zonas, tanto de dominio público hidráulico, como as de protección dos ríos da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Esta autorización tramítase mediante un procedemento regulado na normativa básica estatal de augas.

Co obxectivo de ofrecer as maiores facilidades aos cidadáns para desenvolver certas actuacións de carácter menor, pero sempre compatibilizando e buscando o equilibrio coa protección dos leitos fluviais e as súas marxes, iniciamos a tramitación dun decreto no que ten participado moita xente durante moito tempo.

Despois dunha longa tramitación, o pasado 3 de marzo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de publicar no Diario Oficial de Galicia este novo Decreto polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas e que, como digo, facilitará a execución de obras menores de conservación e mantemento nas proximidades dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, de competencia autonómica. O obxectivo desta nova disposición normativa é ampliar o catálogo de actuacións que se poden acometer ao carón dos ríos con só unha declaración responsable ante a administración hidráulica da Xunta, sen ter que agardar a autorización de Augas de Galicia.

Trátase da modificación do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, que vén aumentar os casos nos que se pode substituír o trámite de autorización, polo de declaración responsable. Inclúense traballos menores na zona de policía dos ríos da demarcación Galicia-Costa, en xeral unha franxa de 100 metros a cada lado dos canles dos ríos.

Este cambio no regulamento introduce ademais, como novidade, que os traballos menores no dominio público hidráulico ou na zona de policía poidan comezarse desde o mesmo momento da presentación da declaración responsable, o que axiliza substancialmente a súa tramitación.

Co fin de que se beneficie a maior parte da cidadanía, xunto con este escrito achégote uns **folletos divulgativos** cos que pretendemos explicar de forma sinxela





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Plaza de Camilo Díaz Baliño, 7-9  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 881 999 452/ 981 957 327  
xerencia.augas@xunta.gal



e clara a nova tramitación ante Augas de Galicia de obras e traballos menores que se pretendan desenvolver na zona de policía ou no dominio público hidráulico dos ríos de demarcación hidrográfica Galicia-Costa. **Agradeceríache que os poñas á disposición de calquera persoa que lle poida resultar de interese ou de utilidade.**

Así a nova normativa autonómica permite, no que respecta a súa tramitación en Augas de Galicia, comezar estes traballos menores tras a presentación dunha declaración responsable en vez de ter que esperar a tramitación dunha autorización que podía chegar a tardar entre 3 ou incluso ata 6 meses.

Dende a Xunta seguimos a avanzar na redución da burocracia e a simplificación administrativa da administración para proporcionar aos galegos e galegas mellores servizos e máis eficientes.

Recibe un cordial saúdo.

Ethel Ma Vázquez Mourelle  
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: VAZQUEZ MOURELLE, ETHEL MARIA  
Cargo: Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade  
Data e hora: 31/03/2020 10:41:00

CVE: rBOYIZN89  
Verificación: <https://sece.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

Os datos persoais que puidera conter este documento serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e atópanse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Plaza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a [augasdegalicia@xunta.gal](mailto:augasdegalicia@xunta.gal)